Public D. 30

A NOSA TERRA


BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

ANO XIII • 21 DE SETEMBRO • 1990 — PERIÓDICO GALEGO SEMANAL — Nº 445 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

SÓ 35 CONCELLOS TEÑEN UN PLANEAMENTO AXEITADO ÁS DISPOSICIÓNS DA LEI DE ADAPTACIÓN AO SOLO

URBANISMO NON DÁ VOTOS

Houbo alcaldes que perdéron o posto, partidos que descenderon de votos por facer unha política urbanística que puña fin ao caos e á especulación no que están sumidos a maioria dos nosos concellos. As normas sempre son polémicas e, consubstancialmente, mancan intereses privados.



ANXO IGLÉSIAS



ANXO IGLÉSIAS

Novas tractoradas se Romero non acede a negociar

A Mesa do Sector Leiteiro de Galiza, con presénciа de ambas administracións, sindicatos e empresas, deu como tempo límite até o dia 22 para que o Ministro Romero se desprace a Galiza a atender as reivindicacións do sector. Desta posibilidade depende a celebración das novas mobilizacións previstas para os dias 27 e 28. O encarregado de transmitir esta reclamación foi o Director Provincial do Ministério de Agricultura en Ourense.

O corte de estradas durante 36 horas ininterrompidas deu lugar, loxicamente, a un maior número de incomodidades que nas tractoradas celebradas en ocasións anteriores. Surprendeu, con todo, a enorme capacidade organizativa

(Páx. 6 e 7)

Tensión en Endesa e Bazan, coas eleicións ás portas

A disputa eleitoral sindicl — ademais da "carreira polo candidato nas fábricas pequenas e medianas— tamén abarca á grande empresa e por exemplo na comarca de Ferrol, a Bazán e Endesa viven nestes dias unha intensa conflitividade marcada tamén pola iminéncia dos comícios.

(Páx. 8)

X.X. Barreiro: 'A Administración do Estado en Galiza devolve as senténcias en galego'

Un premio á normalización ten o incomenente de que convirte en excepcional ao premiado. Xosé Xoán Barreiro Prado, maxistrado xuiz do Xulgado número 2 do Social de Pontevedra, preferiria que non fose asi. Con 32 anos, e despois de oito vestindo a toga, Barreiro mostra diariamente co exemplo que non pode haber nada máis normal que administrar xustícia na língua do país.

(Páx. 12 e 13)

A Xunta descoñece se o acordo co MOPU sobre autovias é vinculante

O acordo Fraga-Cosculluela sobre a construción das autovias pode ser papel mollado pois, uns dias antes de asinarse, ainda non se sabe o marco xurídico legal a aplicar para que este teña valor, segundo recoñeceu o Conselleiro Cuiña na sua comparacéncia parlamentária para explicar os termos deste acordo.

(Páx. 10)

■ **Subvencións ao teatro.** 45 millóns son os concedidos por Cultura aos diferentes grupos de teatro do país, dos que haberá que descontar os dous millóns aos que renunciaron Keyzán e Kukas. As compañías que receberon axuda son Uvega Teatro, Viravolta, producións do Noroeste, Producións Máxicas, Teatro da Lúa, Malbarate, Tranvia Teatro, Proconcierto, Trécola, Producións Librescena, Chévere, Os Quinquilláns, Grupo de Teatro de Rúa, Cachirulo, Teatro de Ningures, Sapoconcho, Xalgarete, Ollomol teatro Submarino, O Moucho Clerc, Sarabela, Escola Dramática Galega, Ballet Druida, teatro do Atlántico, Falcatrua, Danthea, Máscara 17, Teatro 002, Compañia Manuel Manquiña e Vagalume. □



■ **O debate da autodeterminación en Berlin.** Margarita Ledo Andión foi expresamente convidada a participar nos Encontros Internacionais do Grupo Europeu de Prácticas Políticas, que reune a estudosos de vários paises. Os traballos da presente edición, que teñen como eixo central as relacións entre Nacións sen Estado e Centros políticos, terán lugar na Universidade de Berlin entre os dias 11 e 14 de Outubro. Unha das sesións desenvolverase na Universidade Humboldt de Berlin-Este.


A ponéncia da escritora galega, "Direito de Autodeterminación: un exemplo dos límites democráticos do Estado español verbo das nacionalidades", analisa o debate recente que suscitou a proclamación de Parlament catalán tocante a non renunciar ao devandito direito colectivo, o comportamento dos Meios de Comunicación diante dese feito e a radicalización da estratéxia do medo por parte do poder central. A defensa da ponéncia e a participación nos debates farase conxuntamente por Margarita ledo e máis o historiador catalán Solé Sabaté. □

Josep Felgueres

'O conservadurismo é a pior lacra social'

■ **M. CARBALLIDO**

Girona. 37 anos. Escultor autodidacta. A sua obra céntrase, sobretodo, na reabilitación dos espazos a piques de sucumbir recompondo nunha mistura estética unha vital visualización cósmica. É un traballador da pedra, da que forma parte. E pensa que ainda é posíbel achar "outros mundos neste mesmo mundo con, sinxelamente, pór atención e escoitar os sons cos sinais que emiten as colleitas máis antigas". É unha frase lúdica, testemuñal, confirma a sua definitiva estética humana, cando asegura que "sempre que podo descanso, sempre que non sexa en detrimento do cansáncio alleo".



Escultura de Josep Felgueres

"Cando cheguei a Compostela vin de seguida que esta é outra galáxia", di, inquedo. "Viñen porque tiña ganas de coñecer a rota e entender, o paso, a linguaxe deste entramado histórico que sobrecolle e cativa. E esta tranquilidade suprendeume. Aqui hai paz. E as cousas fanse paseniño, sen presas. Faime pensar en ficar, quedar para sempre".

A sua vida transcorreu entre pitos e flautas. De aqui para alá, segundo el mesmo confesa. Ainda que advirte, asemade que non a trocaria. "Porque vivin. E fixen que a vida fose algo para converxer cun estado no outro estado. E todo está en función do que un desexe para si mesmo. Daquela, penso que as exploracións son só unha conxunción do que desexa o ser até conquerir a formalidade interior. O límite. Ainda que sempre é complicado localizalo. Mais a realidade fixa con frecuéncia eses baremos que, polo xeral, identifican a existéncia doméstica".

A liberdade, engaiolada

Sen embargo, Josep é consciente da dinámica social que fai que o ser sexa un elemento máis da lóxica alienante do sistema, dese sistema tan falado, trillado, tan obviado, e pesado,



"porque hoxe xa non se quer falar de nada. Polo visto todo está dito. E parece que case que todo conquerido. Mais non é certo. Todo está por facer. Mesmo a revolución. O que pasa —afirma— é que a sutileza do intocábel sistema é tal que non hai, aparentemente, modo de ceibarse del. E neste mundo de relevos e contrastes, transmorado en ruinas desde o primeiro ciclo histórico, destrúese sistematicamente todo afán armónico e positivo. E ségue-se a engaiolar a liberdade de expresión,

> 'NESTE MUNDO DE RELEVOS E CONTRASTES, TRANSFORMADO EN RUINAS DESDE O PRIMEIRO CICLO HISTÓRICO, DESTRÚESE SISTEMATICAMENTE TODO AFÁN ARMÓNICO E POSITIVO'

enchendo os *embrións* de deuses, castigos e fantasmas. E a saída ponse cada vez máis difícil. Senón, aí está o caso concreto dos EE.UU. O pai das pátrias. Non tiveron reparo algún en invadir Panamá, Granada, Puerto Rico, Santo Domingo, Cuba, etc. —e agora Arábia Saudi. E os governantes satélites salvadores da civilización ocidental, títeres, porque todo hai que dicilo, embárcannos nunha película que xa víramos moitas veces e que, ademais de nefasta, abórrenos".

Galiza é unha nación

"Apesar dos pesares", resposta á pergunta de como ve as posicións das Comunidades do Estado. "O mesmo que Catalunya. Son duas nacións que han de buscar as suas identidades para poderen viver con dignidade e en pé de igualdade co resto dos países do planeta. O mesmo —subliña— que un ser co outro.

Non se pode viver sen liberdade individual, se falamos de humanos. Un ten que ser libre para poder satisfacer e comprender ao outro. Sucede o mesmo cos países. Se non hai liberdade non hai futuro nen progreso, nen história. Non se adianta. Nese sentido é asi. E o vexo aqui, na Galiza, a xente é diferente á dos demais povos, fala outra linguaxe e teñen unha cultura própria.

Que é o que se necesita, daquela, para sobreviver? Rachar coas fórmulas tradicionais. Non está pasando na URSS? Por que non, entón, aqui? O conservadurismo é a pior lacra que ten unha sociedade, porque non deixa camiñar e desenvolverse a esa sociedade. Nese sentido, penso que hai que combatelo, mais de xeito intelixente, cunha dinámica própria e tratando de influir cunha estratéxia séria sobre os mecanismos de control do poder". □



DICCIONARIO XERAIS
CASTELÁN
GALEGO
DE USOS, FRASES E SINÒNIMOS

50.000 ENTRADAS E MÁIS DE 85.000 ACEPCIÓNS PARA ACCEDER A TRAVÉS DO LÉXICO CASTELÁN Ó NOSO IDIOMA

DE PRÓXIMA APARICIÓN
¡Estabámolo esperando!
XERAIS